

## **PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

**Asunto:** Programa de Promoción Económica: *Son de Bares*.

A concellaría de Desenvolvemento Socioeconómico, a través da Axencia de Desenvolvemento Local, apoiou sempre as actuacións de dinamización do comercio e a hostalaría de Cambre, a través da agrupación de hostaleiros ou comerciantes que realizaran actuacións conxuntas de animación de rúa, por si mesmos ou coa colaboración do concello.

Perseguido o mesmo obxectivo, artellou os programas municipais: Arte na Rúa e Tapas de Cambre.

A finalidade destas actividades foi e é contribuír á dinamización dos nosos barrios e rúas, ao fomento da convivencia veciñal a través do ocio e ao mesmo tempo, potenciar o sector servizos do noso municipio, principalmente comercio e hostalaría, coa atracción de clientes aos comercios e locais hostaleiros. Os núcleos urbáns de calquera pobo ou cidade, sen estes establecementos, só serían cidades dormitorio. O fomento do comercio de proximidade, kilómetro cero, que evita a contaminación dos transportes de longa distancia, é fundamental para ter un pobo vivo, ademáis de contribuír á protección do medio natural.

Ao mesmo tempo, estes mesmos programas, potenciarán as Feiras de Cambre, competencia do Concello de Cambre conforme se estipula no artigo 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da administración local; en virtude da cal, realizamos estas actividades paralelas de dinamización.

Varios establecementos comerciais e sobre todo hostaleiros do municipio mostraron o seu interese en desenvolver animación de rúa a través de concertos, principalmente, e outras manifestacións artísticas (coma magos, títeres, etc) na zona exterior dos seus propios locais; sendo pola súa conta a contratación dos grupos e de todo o material necesario para o desenvolvemento do concerto.

Dende a Axencia de Desenvolvemento Local consideramos que o desenvolvemento destas actuacións favorecen a promoción económica do municipio, e precisarían da organización e potenciación por parte do concello, polo que recollemos o testigo da proposta e procederemos a crear un programa de animación de rúa en colaboración con hostaleiros e comerciantes de Cambre.

As actuacións terían lugar en sesión vermú, pola mañán ou de tarde. Nalgúns casos, será só un local o organizador do evento pero noutros casos, poderían ser os locais de hostalaría e comercios dunha rúa ou praza os organizadores conxuntos.

Resulta importante que sexa o concello o patrocinador e coordinador destes eventos de xeito que non se solapen as datas ou horas dos concertos ou eventos similares para que a oferta sexa o máis ampla posible e sen competencias innecesarias, escollendo tamén, cando sexa preciso, as datas de especial relevancia para acompañar outros eventos de interese municipal, aproveitando mellor os recursos públicos e privados.

Así mesmo, serán os propios locais os encargados da contratación dos grupos, polo que este concepto, non suporá ningún custo para o concello; e a difusión dos eventos sera a través das redes sociais municipais e dos propios establecementos, o que implica que non é necesario dotar ningunha partida económica para o desenvolvemento deste proxecto.

O obxectivo final desta iniciativa é dar os primeiros pasos para conseguir que o noso comercio e hostalaría se unan e contribúan á consolidación dun tecido sectorial sólido, con capacidade para crear emprego no municipio.

En vista de todo o anterior, elabóranse as seguintes **proposta**:

*Primeira*: aprobar o desenvolvemento desta actividade conforme as seguintes bases de execución.

### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “SON DE BARES”.**

O Concello de Cambre e de xeito particular, a Concellaría de Desenvolvemento Socioeconómico, organiza e promove o “Programa Son de Bares”, que consiste na organización de **concertos e outros eventos artísticos ao aire libre**, promovidos por locais de hostalaría, ou comercios asociados que así o soliciten, co obxectivo de fomentar a convivencia veciñal a través do ocio e ao mesmo tempo, potenciar o sector servizos do noso municipio.

Os concertos e demais eventos relízanse en horario de sesión vermú; pola mañán ou pola tarde, e será o local ou locais de hostalaría ou comercios asociados os encargados da contratación e pago do grupo musical.

O programa desenvolverase segundo as peticións de adhesión ao mesmo, por parte dos locais de hostalaría, nas datas, horarios e lugares sinalados na solicitude e sendo a Axencia de Desenvolvemento Local a encargada de coordinar os concertos de xeito que non se solapen uns eventos con outros.

A participación neste programa supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases. O Concello resolverá todos os supostos non previstos ou que parezan dubidosos nestas bases.

#### Base 1º Participantes.

Locais de xeito individual ou asociados a outros locais, tanto comerciais coma de hostalaría. Deste xeito, o concerto poderá desenvolverse nas inmediacións do establecemento individual ou nunha rúa, cando a solicitude sexa grupal, dun ou varios establecementos hostaleríos e comercias, e así o estime oportuno o Concello.

#### Base 2º Inscripción.

O interesado deberá presentar unha solicitude de adhesión ao programa e as súas bases, presentado unha solicitude en modelo normalizado que se xunta a estas bases, por cada un dos eventos que quera organizar.

A solicitude presentarase cunha antelación mínima de 3 días hábiles á realización do concerto ou evento.

Xunto coa solicitude, que inclúe unha declaración responsable de cumprimento das condicións do Programa e asunción dos compromisos esixidos nestas bases, ademais dunha autorización ao concello para o tratamento dos seus datos de carácter persoal e para seren informado mediante correo electrónico do estado da solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que poidan se do seu interese; de acordo co disposto na Lei orgánica 13/2018 de protección de datos de carácter persoal e garatía dos dereitos dixitais; deberán presentar a seguinte documentación:

- Plano de situación do concerto, indicando as vías de paso dos peóns.
- Certificado de revisión dos extintores.

- Certificado de inspección favorable da instalación eléctrica do establecemento, efetuada por organismo de control autorizado (OCA), sempre que sexa o establecemento quen subministre a corrente eléctrica dos equipos, si é o caso.

#### Base 3º Organización

Será a Concellaría de Desenvolvemento Socioeconómico, a través da Axencia de Desenvolvemento Local, a encargada de recibir e tramitar as solicitudes de adhesión.

Tendo en conta esas solicitudes, elaborárase un calendario de actuacións coidando que os eventos non se solapen entre sí, aprobando o concerto e o seu horario. Será por conta do concello a difusión dos mesmos a través das súas redes sociais e páxina web.

Como xa se indicou, os concertos ou eventos relízanse en horario de sesión vermú; pola mañán ou pola tarde, e será o local ou locais de hostalaría os encargados da contratación e pago do grupo musical. Tamén poderán difundir os eventos utilizando os seus propios medios.

O interesado poderá instalar o escenario no explanada próxima ao seu local, sen interferir o paso dos peóns e adquirindo os seguintes compromisos:

- As actuacións desenvolveranse en sesión vermú, en horario de mañán ou tarde.
- O volume da actuación musical será o adecuado para non molestar aos veciños. O establecemento organizador comprométese a non superar os 85 decibelios.
- Unha vez rematado o evento, limpará a superficie ocupada e o perímetro da mesma nun ancho de 2 m.
- Se resultase afectado o pavimento polas instalacións, se é o caso, de calquera elemento, o solicitante será o responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial.

#### Base 4ª Obrigas das partes

O Concello de Cambre asume as seguintes obrigas: organizar e patrocinar o evento a través das seguintes aportacións:

- Funcións de organización e control.
- O uso de chan público.
- Difusión do evento
- Seguro de responsabilidade civil.

O Concello poderá realizar fotos da actividade que poderá usar para os fins que estime oportunos, sempre no marco da legalidade.

O local de hostalaría ou comercio adherido ao programa asume as seguintes obrigas:

- Contratación do grupo musical.
- Cumprimento dos compromisos indicados na base 3ª.

| SOLICITANTE                  |                    |           |              |
|------------------------------|--------------------|-----------|--------------|
| Razón social                 |                    |           | C.I.F.       |
| Apelidos e nome              |                    |           | D.N.I./N.I.E |
| Enderezo                     |                    |           |              |
| C.P.                         | Localidade         | Provincia |              |
| Teléfono                     | Correo electrónico |           |              |
| Actividade do establecemento |                    |           |              |

| DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL |              |
|--------------------------------|--------------|
| Apelidos e nome                | D.N.I./N.I.E |

| ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS  |
|--|
| Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións |

| DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO LOCAL |                          |  |             |
|----------------------------------|--------------------------|--|-------------|
| NOME COMERCIAL DO ESTABLECIMENTO |                          |  | DATA EVENTO |
| HORARIO                          | NOME DO GRUPO OU ARTISTA |  |             |
| Enderezo establecemento          |                          |  |             |
| Teléfono                         | Correo electrónico       |  |             |

| DECLARACIÓN RESPONSABLE  |
|--|
| <p>A persoa solicitante declara:</p> <p>Que cumpre todos os requisitos necesarios para exercer a actividade de hostalaría ou comercio no Concello de Cambre, segundo corresponda</p> <p>Achego a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◇ Plano de situación</li> <li>◇ Certificado de revisión dos extintores</li> <li>◇ Certificado de inspección favorable da instalación eléctrica, de ser o caso</li> </ul> <p>E asume os seguintes compromisos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As actuacións desenvolveranse en sesión vermú, en horario de mañán ou tarde.</li> <li>- O volume da actuación musical será o adecuado para non molestar aos veciños. O establecemento organizador comprométese a non superar os 85 decibelios.</li> <li>- Unha vez rematado o evento, limpará a superficie ocupada e o perímetro da mesma nun ancho de 2 m.</li> <li>- Se resultase afectado o pavimento polas instalación, se é o caso, de calquera elemento, o solicitante será o responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial.</li> </ul> |

**Sr alcalde do Concello de Cambre**

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases de participación no programa **Son de Bares** do Concello de Cambre, **SOLICITA** a participación do seu establecemento, de acordo co especificado nas bases desta convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de de 2019

Asdo,

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre. Do mesmo xeito autorizo ao Concello de Cambre para que me informe mediante correo electrónico do estado desta solicitude así como outro tipo de avisos relacionados que poideran ser do meu interese.

Cambre, na data da sinatura electrónica

V<sup>o</sup>pa

Asdo.: Ana M<sup>a</sup> Portela Torrón  
Responsable da Axencia de Desenvolvemento Local

Asdo.: Beatriz Castro Pico  
Axente de emprego e desenvolvemento local